



**PROXECTO DE
ORZAMENTO ANO
2003
UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

1. ORZAMENTO 2003

ORZAMENTO 2003

I. INTRODUCCIÓN

As competencias que atribúen á Universidade a Lei Orgánica de Universidades (LOU) e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, actualmente vixentes, obrigan a elaborar e presentar para coñecemento e aprobación, se procede, polos Órganos de Goberno da Universidade do proxecto de orzamentos.

A partir, xa que logo, da elaboración polo Equipo de Dirección das liñas xerais do orzamento para o exercicio 2003 e unha vez aprobadas na súa sesión do 27 de marzo do 2003, de acordo co mandato contido no artigo 153 dos vixentes Estatutos, procédese á presentación dunha formulación máis detallada do documento orzamentario perante o Consello de Goberno que, trala súa discusión e aprobación, o enviará logo ó Consello Social para sometelo á súa definitiva aprobación.

O orzamento para o exercicio 2003 ven condicionado polos seguintes aspectos:

- En primeiro lugar, o feito de que a USC levase a cabo a súa xestión económica do exercicio 2002 ó amparo da prórroga do Orzamento do ano 2001. A dita prórroga artellouse mediante resolución rectoral do 18 de decembro de 2001 que establecía importantes retencións de crédito, de ata o 60% das cantidades previstas para o 2001 en determinadas partidas de investimento de centros e departamentos, coa finalidade de equiparar os gastos ós ingresos inicialmente previstos. Posteriormente, o Consello de Dirección aprobou liberacións de crédito, e tramitou ante o Consello de Goberno e o Consello Social as correspondentes modificacións e ampliacións de crédito que en conxunto supuxeron unha dotación adicional do 40% en relación ás cantidades previstas para o 2001.
- En segundo lugar, a situación económica na que se atopa a Universidade de Santiago de Compostela, derivada fundamentalmente da incapacidade do Acordo de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia, vixente tamén para este ano 2003, de dar resposta as súas necesidades reais. O dito acordo asigna recursos ás universidades en función do número de créditos matriculados –número de alumnos basicamente-. A evolución do número de alumnos matriculados na USC nos últimos anos fai que a subvención básica, recibida ó abeiro do dito acordo de financiamento, se mantéña estable en termos reais nos últimos anos. Se a isto engadimos que os

ingresos derivados da prestación dos servizos de carácter académico se viron tamén reducidos pola evolución do número de alumnos matriculados (figura nº 1), atopámonos con que case a totalidade dos ingresos, sobre os que a USC ten marxe de decisión respecto do seu emprego, presentan unha evolución absolutamente dispar á dos gastos que deben ser afrontados con eles.

- Finalmente, durante este ano 2003 procederase á negociación coa Comunidade Autónoma de Galicia dun novo acordo de financiamento para o Sistema Universitario Galego. Entendemos que estes orzamentos deben mirar cara a este novo horizonte de financiamento, reflectindo as necesidades reais básicas da USC para a realización das súas funcións docentes, investigadoras e de prestación de servizos, co obxecto de non hipotecar o seu desenvolvemento e a aposta necesaria pola calidade en todos os seus ámbitos de actuación.

Aínda tendo en conta as limitacións coas que nos enfrontamos para a elaboración dos orzamentos do ano 2003, entendemos que nel deben quedar reforzados os seguintes eixos estratéxicos:


- Intensificar o esforzo nas áreas de docencia, investigación, calidade, tecnoloxías da información e as comunicacións e necesidades básicas no ámbito de persoal.
 - En materia de docencia e investigación, xunto coa recuperación do esforzo orzamentario que se viña realizando en exercicios anteriores, considéranse novos créditos asociados a programas de calidade.
 - No que atinxe á calidade, xunto cos programas antes referidos de docencia e investigación, orzamentase asemade un programa de mellora de servizos e a dotación dos créditos necesarios para a implementación das políticas de calidade que se están artellando dentro da USC.
 - No eido das tecnoloxías da información e as comunicacións dótanse recursos adicionais necesarios para facer fronte ás novas necesidades deste ámbito e para o seu desenvolvemento como eixo estratéxico de futuro.
 - No que ó persoal se refire, consideramos fundamental dotar os créditos necesarios que permitan unha adecuación do cadro de persoal, tanto docente e investigador como de administración e servizos, ás necesidades das áreas máis deficitarias, e a implementación de políticas de promoción.
- Aumentar os recursos dedicados a reparacións, renovacións e mellora dos edificios coa finalidade de cubrir as necesidades cada vez maiores neste tipo de actuacións.
- Impulsar os grandes proxectos de investimentos que a USC ten en marcha. Principalmente os ligados ó Campus de Ciencias da Saúde, á reestructuración da área de Ciencias da Educación e ó inicio de novos edificios de investigación nos Campuses de Lugo e Santiago.
- Manter o esforzo no eido dos servizos á comunidade universitaria e á extensión cultural, intensificando as actuacións encamiñadas a unha maior calidade de vida nos campus e a fomentar a participación e integración da comunidade universitaria en xeral e á estudiantil en particular.

- Artellar no orzamento do 2003 programas que, ademais de estaren asociados a obxectivos de calidade, pretenden ir introducindo ás unidades estruturais –centros, departamentos e institutos-, na cultura de asociar recursos recibidos a obxectivos, coa finalidade de ir implementando unha liña de funcionamento, e con ela de asignación de recursos, á que necesariamente nos levará o novo acordo de financiamento.
- Contemplar a realidade bicampus da USC mediante unha importante descentralización daqueles gastos, xestionados ata agora dende servicios centrais, cun emprego que pode ser máis eficiente e eficaz se se administran na proximidade da comunidade univesitaria lucense.

Dar cabida dentro do orzamento ás liñas de gasto antes referidas implica a necesidade de recorrer ó endebedamento como fonte de financiamento adicional. Consideramos que o desaxuste entre os ingresos dispoñibles e as necesidades reais de gasto a que nos leva ó actual acordo de financiamento non pode ser corrixido levando ó extremo os recortes orzamentarios en ámbitos básicos da Universidade, que sen dúbida impedirían non xa a aposta por políticas de calidade senón incluso o desenvolvemento mínimo nos ditos ámbitos.

Este orzamento pon de manifesto o esgotamento do actual Acordo de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia e a necesidade de que o novo acordo parta de criterios, para o cálculo dos recursos que han de achegarse ás universidades, que contemplan o financiamento suficiente para o funcionamento destas no momento actual e os recursos necesarios para a súa converxencia co resto de países do Espacio Europeo de Educación Superior.

O orzamento da USC para o ano 2003 constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática dos dereitos que previsiblemente se liquidarán no transcurso do exercicio, así como das obrigacións que pode reconece-la institución. A xestión presupostaria realizarase atendendo ás normas de execución que se explicitan no apartado 2 deste proxecto, ó establecido na L.O.U. e nos Estatutos da nosa Universidade.

Figura 1: Evolución do número de alumnos da USC

II. INGRESOS E GASTOS. RESUMO XERAL

O proxecto de orzamentos da USC para o ano 2003 ascende a 182,89 millóns de euros (30.430,97 millóns de pesetas) nos seus estados de ingresos e gastos, o que supón un incremento respecto á previsión inicial do ano 2001, último exercicio con orzamento aprobado, do 14,25%. O dito incremento vén motivado principalmente polo aumento do custo do cadro de persoal e dos recursos dedicados a investimentos.

O cadro nº 1 mostra os resumos do estado de ingresos e gastos clasificados por capítulos, de acordo coa preceptiva clasificación por natureza económica.

CADRO 1
RESUMO DO ORZAMENTO DO 2003 POR CAPÍTULOS

INGRESOS

CAPÍTULO	Euros (miles)	Pesetas (miles)	% total
III. Prezos públicos e outros ingresos	37.750,50	6.281.154,69	20,64%
IV. Transferencias correntes	106.936,51	17.792.738,15	58,47%
V. Ingresos patrimoniais	452,52	75.292,99	0,25%
<i>Total operacións correntes</i>	145.139,53	24.149.185,84	79,36%
VI. Alleamento de investimentos reais	6.310,63	1.050.000,48	3,45%
VII. Transferencias de capital	20.250,89	3.369.464,58	11,07%
VIII. Variación de activos financeiros	0,00	0,00	0,00%
IX. Variación de pasivos financeiros	11.192,79	1.862.323,56	6,12%
<i>Total operacións de capital</i>	37.754,31	6.281.788,62	20,64%
<i>Total operacións financeiras</i>	11.192,79	1.862.323,56	6,12%
TOTAL INGRESOS	182.893,84	30.430.974,46	100,00%

GASTOS

CAPÍTULO	Euros (miles)	Pesetas (miles)	% total
I. Gastos de persoal	107.201,67	17.836.857,06	58,61%
II. Gastos en bens correntes e servicios	22.850,01	3.801.921,76	12,49%
III. Gastos financeiros	440,69	73.324,65	0,24%
IV. Transferencias correntes	3.301,81	549.374,96	1,81%
<i>Total operacións correntes</i>	133.794,18	22.261.478,43	73,15%
VI. Investimentos reais	48.146,19	8.010.851,97	26,32%
VII. Transferencias de capital	173,35	28.843,01	0,09%
VIII. Variación de activos financeiros	0,00	0,00	0,00%
IX. Variación de pasivos financeiros	780,12	129.801,05	0,43%
<i>Total operacións de capital</i>	49.099,66	8.169.496,03	26,85%
<i>Total operacións financeiras</i>	780,12	129.801,05	0,43%
TOTAL GASTOS	182.893,84	30.430.974,46	100,00%

III. O ORZAMENTO DE INGRESOS

III.1. Fontes de financiamento

A diversidade de alternativas ofrecidas polo marco legal que rexe o financiamento universitario configura un sistema sometido á restricción sobre os instrumentos financeiros utilizados, que son os que aparecen recollidos no artigo 81 da LOU e no artigo 154 dos vixentes Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e que poderían agruparse baixo os seguintes epígrafes:

- a) As transferencias para gastos correntes e de capital fixadas anualmente pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Os prezos públicos e restantes dereitos que legalmente se establezan, así como a compensación polas exencións legalmente establecidas.
- c) As subvencións, doazóns, legados e axudas de todo tipo concedidas á Universidade por institucións públicas ou privadas e particulares.
- d) Os rendementos procedentes do seu patrimonio e aqueloutros derivados da actividade universitaria e de actos e prestacións de servizos onerosos.
- e) O produto da venda de bens e de títulos propios e as compensacións orixinadas pola cesión de activos fixos.
- f) O produto das operacións de crédito que concertase a Universidade con entidades públicas ou privadas para o financiamento dos seus gastos de investimento.
- g) Os remanentes de tesourería e calquera outro ingreso.
- h) Os ingresos derivados de contratos que celebren os departamentos, os institutos e o seu profesorado a través do propio departamento ou instituto para a realización de traballos de carácter científico, técnico, artístico, así como para o desenvolvemento de cursos de especialización.

O cadro nº 2 recolle as estruturas e as dotacións financeiras que dan contido ó estado de ingresos nos catro últimos orzamentos aprobados, así como as variacións experimentadas no proxecto de orzamento do ano 2003 respecto ó ano 2001, último exercicio con orzamento aprobado. Os aspectos máis salientables respecto da previsión de ingresos que financia o orzamento da nosa Universidade, e que aparecen de forma desagregada por capítulos, conceptos e subconceptos no apartado 3 destes orzamentos, son as que se expoñen de seguido.

CADRO 2.**ORZAMENTO DE INGRESOS DA USC (en millóns de euros)****ESTRUCTURA ECONÓMICA**

CAPITULO	1999	2000	2001	2003	% var. s/2001
III. Prezos públicos e outros ingresos	24,26	27,82	36,43	37,75	3,63%
IV. Transferencias correntes	85,64	90,76	96,50	106,94	10,82%
V. Ingresos patrimoniais	0,79	0,54	0,48	0,45	-5,88%
Total operacións correntes	110,69	119,12	133,41	145,14	8,79%
VI. Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	6,01	6,31	5,00%
VII. Transferencias de capital	24,45	25,38	20,66	20,25	-2,00%
VIII. Variación de activos financeiros	5,23	9,02	0,00	0,00	--
IX. Variación de pasivos financeiros	9,02	0,00	0,00	11,19	--
Total operacións de capital	38,70	34,41	26,67	37,75	41,54%
Total operacións financeiras	14,24	9,02	0,00	11,19	--
TOTAL INGRESOS	149,39	153,53	160,08	182,89	14,25%

III.2. Operacións correntes

O orzamento de ingresos da USC clasifica nos seus capítulos terceiro ó quinto os ingresos por operacións correntes. O importe estimado nestas operacións para o ano 2003 é de 145,14 millóns de euros, o que supón o 79,36% dos ingresos totais inicialmente presupostados e proceden, na súa meirande parte, das transferencias correntes -58,47%- e dos prezos públicos e outros ingresos -20,64%-, sendo marxinais os ingresos patrimoniais -0,25%-.

Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos

A previsión orzamentaria deste capítulo, que inclúe os ingresos derivados da prestación dos servizos de carácter académico e o resto de servizos que a USC oferta á sociedade, acada a cifra de 37,75 millóns de euros, que en relación coa cantidade inicial orzamentada no exercicio 2001 supón un incremento do 3,63%.

O reducido incremento previsto neste capítulo está estreitamente relacionado coa evolución do número de alumnos matriculados, que fai que, globalmente, os ingresos pola mesma se veñan reducindo, en termos correntes, nos últimos anos.

A base da estimación dos ingresos por matrícula foi a liquidación prevista para o ano 2002, actualizándose o seu importe coa media de subida de prezos e a evolución do número de alumnos nos últimos anos, incluíndo tamén a compensación polas exencións legalmente establecidas.

Pola contra, cómpre destacar o forte incremento que nos últimos exercicios veñen experimentando os ingresos por servizos e convenios de investigación. A

previsión para este ano é de 11 millóns de euros, o que supón un incremento do 22% respecto ó do 2001.

Inclúense asemade neste capítulo os ingresos previstos por cursos de posgrao por un importe de 2,4 millóns de euros.

O resto de conceptos deste capítulo estimanse en base a recadación do exercicio anterior e as previsións para o presente.

Capítulo IV. Transferencias correntes

Os ingresos orzamentados para o ano 2003 neste capítulo, que recolle as subvencións e transferencias que a USC recibe para gastos correntes, constitúe, desde o punto de vista cuantitativo, a súa principal fonte de recursos. O importe inicialmente presupostado ascende á cantidade de 106,94 millóns de euros, representativo do 58,47% dos recursos totais do presuposto da Universidade, incrementándose en 10,4 millóns de euros en termos absolutos, equivalentes a unha taxa de variación do 10,82% respecto ás previsións iniciais do exercicio 2001.

Os conceptos máis salientables dos ingresos por transferencias correntes son os seguintes:

- A actualización para o ano 2003 da subvención recibida no marco do acordo de financiamento vixente, que alcanza a cantidade de 96,1 millóns de euros.
- Unha partida finalista de 2,8 millóns de euros que ten por obxecto cubrir os gastos derivados da avaliación positiva de tramos de investigación.
- Outra partida, igualmente finalista, de 3,6 millóns de euros derivados do acordo co SERGAS.
- Dentro do resto de conceptos co capítulo IV, de menor importancia relativa, cabe sinalar as achegas relacionadas co acordo de equilibrio orzamentario, o acordo relativo ás pagas extras, programas específicos con financiamento externo, e convenios con empresas e entidades financeiras.

Capítulo V. Ingresos patrimoniais

Neste capítulo recóllese a previsión dos que se producirán no ano 2003 pola utilización de activos que integran o patrimonio da Universidade por parte de terceiros. O importe inicialmente previsto ascende á contía de 452 mil euros, o que significa unha redución do 5,88% con respecto ós presupostados no exercicio 2001, que se explica, fundamentalmente, pola evolución dos saldos e tipos de xuros que experimentarán as contas operativas da tesourería da Universidade ó longo do exercicio.

III.3 Operacións de Capital

As denominadas operacións de capital aglutinan os recursos provenientes dos capítulos VI, VII, VIII e IX do orzamento de ingresos. Deles, os dous últimos capítulos conforman as coñecidas como operacións financeiras.

A cantidade inicialmente orzamentada para o ano 2003 no conxunto das operacións de capital acada a cifra de 37,75 millóns de euros, o que vén representar o

20,64% sobre o total do presuposto de ingresos. Desta cantidade 26,6 millóns se corresponden con operacións reais e 11,2 millóns de euros con operacións financeiras.

Os aspectos máis salientables da desagregación das operacións de capital, atendendo á clasificación económica, son os seguintes:

VI. Alleamento de investimentos reais

Recóllense neste capítulo os ingresos da operación Galeras-Xoán XXIII que se prevé van ser empregados nos proxectos de investimento asociados á dita operación, polo que teñen o seu correspondente reflexo no orzamento de gastos. A cantidade de investimento previsto na reestructuración de Ciencias da Educación e no Campus de Ciencias da Saúde é de 6,3 millóns de euros.

VII. Transferencias de capital

Este capítulo, que é expresión do conxunto de subvencións e transferencias que recibirá a USC para gastos de capital, na súa meirande parte con carácter finalista, é dicir, con destino predeterminado polo organismo subvencionador, elévase a 20,3 millóns de euros, cantidade lixeiramente inferior á orzamentada no exercicio 2001 debido, fundamentalmente, á prudente estimación dos recursos asociados á petición realizada ó FEDER.

Das cantidades integradas neste capítulo cómpre destacar:

- Transferencias da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes a novos investimentos a desenvolver mediante convenios, por importe de 3,06 millóns de euros, e a o programa de reparación, ampliación e mellora (RAM) de edificios, por un montante de 1,9 millóns de euros.
- As cantidades correspondentes á estimación da concesión do programa FEDER para este exercicio, que se concreta en 1,5 millóns de euros para obras e 1,3 millóns para infraestrutura científica.
- As cantidades conveniadas con entidades externas –Deputación da Coruña, IGAPE, Consellería de Industria e AFICEGA-, para o financiamento do edificio NEXUS e o Instituto de Cerámica, por importe de 2,9 millóns de euros.
- Finalmente, outro apartado significativo neste capítulo é a presupostación, tanto en ingresos como en gastos, da anualidade do exercicio 2003 de proxectos e infraestructuras de investigación financiados pola Comunidade Autónoma, Administración Central e Unión Europea, que supoñen unha estimación de 9,5 millóns de euros.

Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros

Como xa recolleemos na introducción destas liñas xerais, a dispoñibilidade de recursos propios e alleos da USC para o exercicio 2003 non permite cubrir as necesidades básicas do seu funcionamento, polo que se contempla un ingreso por endebedamento de 9,5 millóns de euros. O dito endebedamento materializaríase, no seu caso, cunha operación financeira que aquilatase no tempo a carga financeira asociada, co obxectivo de que poida ser asumida no marco do novo acordo de financiamento.

Inclúense tamén neste capítulo a cantidade de 1,69 millóns de euros correspondentes á anualidade do 2003 do programa de axudas reembolsables para parques científicos e tecnolóxicos, que se articulan mediante unha variación de pasivos financeiros.

IV. ORZAMENTO DE GASTOS

Unha vez coñecidas as orixes ou as diferentes fontes de ingresos, pasamos a cuantificar a continuación os créditos necesarios nos distintos capítulos que integran o Estado de Gastos, é dicir, a aplicación dada ós fondos ou recursos obtidos, de forma que se chegue así a un orzamento público, único e equilibrado, tal como establece o artigo 81 da LOU e o artigo 152 dos Estatutos da nosa Universidade.

O cadro 3 recolle os capítulos do Estado de Gastos nos cinco últimos anos, así como as variacións experimentadas no proxecto de orzamento do ano 2003 respecto ó exercicio 2001.

CADRO 3

ORZAMENTO DE GASTOS DA USC (en millóns de pesetas)

Estructura económica

ESTRUCTURA ECONÓMICA

CAPITULO	1999	2000	2001	2003	% var. s/2001
I. Gastos de persoal	82,36	86,92	95,81	107,20	11,90%
II. Gastos en bens correntes e servicios	16,24	17,19	18,72	22,85	22,06%
III. Gastos financeiros	0,05	0,15	0,32	0,44	38,35%
IV. Transferencias correntes	3,97	4,22	3,67	3,30	
Total operacións correntes	102,62	108,49	118,52	133,79	12,89%
VI. Investimentos reais	45,56	44,57	40,91	48,15	17,67%
VII. Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,17	--
VIII. Variación de activos financeiros	0,00	0,47	0,46	0,00	-100,00%
IX. Variación de pasivos financeiros	1,21	0,00	0,20	0,78	300,00%
Total operacións de capital	46,77	45,05	41,57	49,10	18,12%
Total operacións financeiras	1,21	0,47	0,65	0,78	19,51%
TOTAL GASTOS	149,39	153,53	160,08	182,89	14,25%

Ó analizar o estado de gastos do orzamento para o ano 2003 –cadro nº 3-, dende a vertente económica dos créditos que o integran, debemos de ter en conta que o presuposto de gastos da Universidade de Santiago de Compostela clasifica nos seus capítulos primeiro ó cuarto os gastos por operacións correntes que acadan para o exercicio presupostado a contía de 133,79 millóns de euros, o que representa o 73,15% do total de gastos. Os capítulos sexto ó noveno conforman as denominadas operacións de capital, que describen as variacións na estrutura do patrimonio da nosa institución. A dotación inicialmente prevista en concepto de operacións de capital ascende a 49,1

millóns de euros, o que representa o 26,85% do total dos gastos programados para o ano 2003 pola nosa Universidade.

Os aspectos máis salientables do orzamento de gastos, desagregación en conceptos e subconceptos realízase no apartado 3 deste orzamento, son os seguintes:

Capítulo I. Gastos de persoal

O total dos créditos deste capítulo previstos no orzamento ascenden a 107,2 millóns de euros, o que representa un crecemento respecto ó exercicio 2001 do 11,9%, 11,4 millóns de euros en termos absolutos.

A especial estrutura da Universidade en tanto que prestadora de servicios de docencia e investigación, fai que o capítulo de gastos de persoal sexa, con diferencia, o que representa maior peso porcentual sobre o total de gastos, un 58,61%.

Así mesmo, resulta importante diferenciar dentro deste capítulo os gastos de persoal que levan asociado directamente financiamento externo, como é o caso dos sexenios de investigación, os pagos realizados ó abeiro do concerto entre a USC e o SERGAS ou os asociados a determinados convenios, do resto de gastos de persoal, que deben ser financiados cos recursos incondicionados dos que dispón a USC. O incremento dos gastos de persoal financiados con recursos propios da USC respecto do exercicio 2001 é duns 9 millóns de euros.

O incremento previsto para o capítulo I obedece, entre outros, ós seguintes motivos:

- Aplicación das actualizacións anuais do IPC (2% no 2002 e 2% no 2003) e dos acordos que a nivel estatal asinaron a Administración e os Sindicados para o período 2003-2004, polo que se incrementan as pagas extraordinarias nunha cantidade equivalente ó 20% do complemento de destino. A estes incrementos habería que engadir os derivados da aplicación do Convenio Colectivo que afecta ó persoal laboral de administración e servicios e que, por terse asinado no mes de abril de 2002, non tivo ata agora reflexo presupostario.
- Modificacións na estrutura dos cadros de persoal derivadas das políticas de promoción e mellora que supuxeron un incremento de prazas nas categorías de maior nivel.
- Ó igual que en exercicios anteriores, mantense o importante crecemento vexetativo dos complementos retributivos do persoal docente e investigador, tales como trienios, dedicación docente e produtividade investigadora, todo isto como consecuencia do especial réxime retributivo do profesorado e da composición do cadro de persoal.
- Prevese unha dotación de 400.000 euros para atender as necesidades de ampliación e mellora do cadro de persoal docente.
- Inclúese unha dotación de 300.000 euros destinada a financiar as políticas de ampliación e mellora do persoal de administración e servicios, que inclúen os compromisos derivados dos acordos vixentes.

- Tamén se inclúen créditos destinados a retribuír a consecución de melloras derivadas da aplicación de políticas de calidade para o persoal de administración e servizos por importe de 2.018.242 euros. Esta cantidade destinarase a financiar as accións de avaliación individual e colectiva dos servizos, as melloras nas condicións de emprego e o dimensionamento do cadro de persoal en base a criterios de calidade.
- Considérase unha dotación ó fondo de pensións do persoal da Universidade de 413.830 euros, o que representa un incremento do 9% respecto do exercicio 2001.
- Inclúense débedas imputables ó exercicio 2002 por un importe de 406.000 euros.
- Finalmente, a estimación do compromiso derivado do Concerto co SERGAS, de realizar o pagamento do complemento retributivo asistencial dos profesores que traballan no Complexo Hospitalario Universitario, supón un montante de 3,63 millóns de euros.

Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos

Para o capítulo de gastos en bens correntes e servizos prevese un montante global de 22,85 millóns de euros, o que supón un incremento en termos absolutos de 4,1 millóns de euros, un 22% máis respecto do exercicio 2001.

Ademais da lóxica adecuación dos importes á inflación e os incrementos derivados da posta en funcionamento de novas instalacións universitarias, cómpre salientar, con relación á dotación deste capítulo, os seguintes aspectos:

- En correspondencia co recollido na introducción destas Liñas Xerais prevense créditos para desenvolver programas de calidade da docencia e os servizos por importe de 759.500 euros.
- Inclúense as débedas de exercicios anteriores por un importe de 2 millóns de euros.
- Adecúanse as previsións de gasto derivadas dos concursos de prazas docentes e teses por un importe de 540.000 euros.
- Inclúense as novas necesidades de mantemento asociadas á renovación da rede de comunicacións e aplicacións informáticas por importe de 755.000 euros.
- Asemade, contéplase un crédito xenérico de 2,16 millóns de euros -2,4 millóns de ingresos menos o 10% para o fondo común- para os cursos de posgrao e especialización.
- Finalmente, adecúanse as previsións de gasto das partidas asociadas ó programa de optimización enerxética.

Capítulo III. Gastos financeiros

As dotacións presupostarias deste capítulo, que representa o 0,24 % do gasto total da universidade, estímase en base á previsión das cargas financeiras por xuros das débedas xa contraídas ou que previsiblemente serán asumidas pola USC ó longo deste exercicio. Recolle os gastos por xuros derivados do préstamo contraído para financiar o programa de aforro enerxético, das operacións de tesourería e do previsible endebedamento contemplado neste orzamento.

Capítulo IV. Transferencias correntes

O total da dotación deste capítulo ascende a 3,3 millóns de euros, o que supón unha diminución do 10% respecto dos créditos inicialmente aprobados para o ano 2001. A dita diminución concéntrase nas subvencións concedidas pola USC a entidades externas, fundacións, CIUG, etc. Mantense o esforzo nas liñas de axuda e bolsas, complementarias respecto ás concedidas por outras administracións públicas, e nas relacionadas con actividades de extensión universitaria.

Capítulo VI. Inversións reais

Os créditos para gastos de investimento incluídos no presuposto para o ano 2003 ascenden a 48,14 millóns de euros, o que supón un incremento de 7,2 millóns en termos absolutos e unha variación do 17,67% en termos relativos, sobre as dotacións deste capítulo de gastos aprobadas no orzamento do 2001.

Respecto das dotacións incluídas neste capítulo convén destacar as seguintes actuacións:

- Destínanse recursos para cubrir os compromisos de financiamento de operacións en curso, tanto as que se corresponden con proxectos reformados ou ampliados como as derivadas de anualizacións de financiamento exterior, e que se concretan no Complexo Docente e na reforma da Escola de Formación do Profesorado de Lugo; en Enxeñería Química, Óptica, a Facultade de Económicas, a Biblioteca Concepción Arenal, a Casa Simeón, o Colexio Maior Fonseca e o Banco de Ósos e Tecidos Musculoesqueléticos, en Santiago; a Estación de Bioloxía Mariña, na Graña (Ferrol), e algunhas obras menores. O importe aproximado destes compromisos é de 4,1 millóns de euros, coa distribución que se recolle no cadro nº 4.
- O desenvolvemento de iniciativas financiadas de xeito finalista por acordos con Institucións Públicas e Empresas, que se concretan no Instituto de Cerámica e no Edificio Nexus, no Campus Sur. As dotacións para estes dous edificios no exercicio 2003 ascenden a 2,96 millóns de euros.
- A execución de proxectos derivados do plan urbanístico de Galeras-Xoán XXIII que, ademais de na configuración futura do resto das operacións constructivas asociadas ás Ciencias da Saúde, concréntanse na reforma interior da actual Facultade de Ciencias da Educación e Filosofía, no inicio da construción da Biblioteca interfacultativa de Psicoloxía e Ciencias da Educación, así como dun aulario xeral e do depósito de libros de uso non frecuente da Biblioteca Xeral no Campus Sur. A dotación prevista para estas obras no exercicio 2003 é de 6,3 millóns de euros.
- A reforma de Mazarelos, con 1,3 millóns de euros aproximadamente, e estudos e proxectos de reforma e mellora de edificios, así como de novas necesidades nos Campus de Santiago e Lugo, cunha dotación de 1,4 millóns de euros.
- A realización de proxectos de edificios de investigación, solicitados ó FEDER, que para os anos 2003-2004 serían un novo edificio de departamentos e laboratorios para Bioloxía e áreas emerxentes, no Campus Sur, e o edificio de recursos de investigación no Campus de Lugo. A cantidade presupostada por estes conceptos que se prevé executar no exercicio 2003 é de 2,1 millóns de euros.

- Prevense dotacións orzamentarias asociadas á infraestrutura científica financiadas pola concesión xa acadada para o ano 2003 no programa de axudas reembolsables para parques científicos e tecnolóxicos, pola concesión estimada dentro do Programa FEDER e por fondos propios, por importe de 4,6 millóns de euros.
- Recupérase o esforzo en equipamento docente e nas partidas que se reparten a centros e departamentos dende o capítulo VI, establecendo asemade un programa de calidade da investigación cunha dotación inicial de 180.000 euros.

CADRO 4

ANUALIDADE 2003. COMPROMISOS FINANCIAMENTO OBRAS EN CURSO OU ACABADAS DE REMATAR

INTERVENCIÓN	Miles de euros
Enxeñería Química.....	1.429,76
Reformado Estación Biolóxica da Graña	177,88
Liquidación Colexio Maior Fonseca.....	91,50
Complemento Banco de Tecidos Musculo-Esqueléticos	154,46
Escola Formación do Profesorado Lugo	38,48
Casa do Estudiante Simeón.....	310,00
Liquidación Complexo Docente Lugo	308,40
Liquidación Fac. CC. Econ. e Empres.	193,97
Biblioteca Concepción Arenal	1.332,22
Plan Optimización Enerxética	137,36
Total	4.174,05

Capítulo VII. Transferencias de Capital

Neste capítulo de activos financeiros aparecen presupostados para este exercicio os créditos necesarios para facer fronte ás obrigas derivadas dos convenios subscritos para a constitución da Axencia da Calidade do Sistema Universitario de Galicia e para a creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros

Este capítulo, pertencente á estrutura financeira do Presuposto de Gastos, incorpora os créditos destinados á amortización das débedas contraídas pola Universidade. No Orzamento do ano 2003 establécese en 780.120 euros o crédito necesario para facer fronte á amortización prevista do préstamo formalizado para financiar o Programa de Aforro Enerxético.

2. ORZAMENTOS E NORMAS DE EXECUCIÓN

ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2003

En virtude do disposto no artigo 81 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, e no artigo 152 dos Estatutos da Universidade aprobados por decreto 473/1997 de 28 de novembro, pola presente norma apróbanse os presupostos da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 2003, que acadan a contía inicial en ingresos e gastos de **CENTO OITENTA E DOUS MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E TRES MIL OITOCENTOS CORENTA EUROS.**

1.- CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

INGRESOS **182.893.840,00**

Capítulo III	Prezos públicos e outros ingresos	37.750.500,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	106.936.510,00
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	452.520,00
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	6.310.630,00
Capítulo VII	Transferencias de capital.....	20.250.890,00
Capítulo IX	Variación de pasivos financeiros	11.192.790,00

GASTOS **182.893.840,00**

Capítulo I	Retribucións de persoal.....	107.201.670,00
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servicios.....	22.850.010,00
Capítulo III	Gastos financeiros	440.690,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	3.301.810,00
Capítulo VI	Investimentos reais.....	48.146.190,00
Capítulo VIII	Variación de activos financeiros.....	173.350,00
Capítulo IX	Variación de pasivos financeiros	780.120,00

2. NORMAS DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO

DOS GASTOS DE PERSOAL

Artigo 1º

1. As retribucións do persoal activo ó servizo da Universidade quedan suxeitas ó que, nesta materia, dispón a Lei de presupostos da comunidade autónoma galega. Os incrementos retributivos do persoal laboral deberán ser autorizados pola Comunidade Autónoma, segundo a Lei presupostaria.

2. Os custos do persoal laboral eventual contratado para substituír ó persoal funcionario ou laboral de administración e servizos serán financiados con cargo ós créditos dos correspondentes cadros de persoal.

3. Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán supera-los ingresos.
4. A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do presuposto e emitirá os cargos internos correspondentes.
5. Constitúese un fondo para ampliación e mellora de 700.000,00 € na partida presupostaria "8125.3000.12200 Ampliación e mellora", dos que 400.000,00 € corresponden a persoal docente e 300.000,00 € a persoal de administración e servizos.
6. Terán a consideración de créditos ampliábeis os créditos para o pagamento dos gastos de mérito docente, produtividade investigadora, trienios e seguridade social.
7. Inclúense no capítulo I os créditos destinados ó financiamento dos plans de formación do Persoal de Administración e Servizos, así como os correspondentes á achega da universidade ó plan de pensións do persoal.
8. O Servizo de Planificación e Programación Docente e Persoal Docente e Investigador e o Servizo de Planificación e Programación de PAS deberán efectuar trimestralmente o control presupostario das partidas e categorías correspondentes.

DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

Artigo 2º

1. Os créditos autorizados teñen carácter vinculante e limitativo en canto ó se concepto. Sen embargo, os créditos destinados a gastos de persoal terán carácter vinculante a nivel de capítulo, agás o artigo 15 (gratificacións e produtividade). Os investimentos reais, activos e pasivos financeiros terán carácter vinculante no ámbito do artigo de artigo. Os gastos en bens correntes e servizos terán carácter vinculante no ámbito de capítulo agás o concepto 212 que non poderá ser minorado, se ben mediante redistribución de créditos do capítulo II dos centros poderá ser incrementado, previa comunicación ó Servizo de Contabilidade e Presupostos.
2. Con carácter xeral terán carácter vinculantes os créditos con financiamento específico, e, en canto a subconcepto, as subvencións nominativas.
3. Non se poderán adquirir compromisos de gastos por contía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan esta norma, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.
4. Os créditos asignados pola Xunta de Goberno e o Consello Social ás facultades, escolas superiores e escolas universitarias terán por finalidade financia-los gastos da docencia, así como tamén aqueles gastos que son necesarios para o funcionamento ordinario do centro.
5. Os créditos distribuídos ós departamentos teñen como primeiro obxectivo atende-los gastos derivados da investigación que se faga neles, e deberán financiar, ademais, outros gastos asociados ó seu funcionamento ordinario.

6. Non se poderá contratar persoal ou nomear bolseiros con cargo ós créditos dos departamentos.
7. As partidas presupostarias do presuposto para o 2003 preséntanse de acordo coas clasificacións económica, funcional e orgánica, sen establecer vinculacións xurídicas dentro da clasificación funcional.
8. Os responsables de Asuntos Económicos deberán face-las retencións de crédito e sucesivos axustamentos dos gastos correspondentes ás nóminas de persoal contratado con cargo a créditos financiados con achegas específicas conforme lle sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.
9. Os gastos de reparación e mantemento de edificios que sexan inferiores a 1.200,00 € deberán financiarse con cargo ó crédito descentralizado ós centros para esa finalidade.
10. A dotación de anualidades ou novas partidas presupostarias para contratos, proxectos e infraestructuras de investigación realizaranse pola Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT) con distribución desde as partidas xenéricas 8050.2000.62300 (infraestructuras) 8050.2000.64100 (proxectos) e 8050.2000.64100 (contratos). O importe dotado corresponderase coa anualidade indicada na resolución da correspondente subvención e, no caso de prestación de servicios, co importe da facturación prevista para 2003. No caso de que as dotacións que se vaian realizar superen o importe das referidas partidas efectuarase a correspondente xeración de crédito. A comunicación das dotacións orzamentarias que efectua a OIT ós directores dos centros de gasto e responsables de asuntos económicos é plenamente operativa, sen que sexa precisa a comunicación polo Servicio de Contabilidade e Presupostos.
11. Autorízase ó vicerrector de Economía e Financiamento a executa-los axustamentos de créditos que procedan como consecuencia das desviacións que se podan producir entre o presuposto prorrogado e o presuposto que se aproba por esta Resolución.

Artigo 3º

A Xunta de Centro e o Consello do Departamento teñen a obriga de aproba-la distribución anual dos seus créditos así como a súa execución.

Artigo 4º

1. A modificación dos créditos presupostarios axustarase ó disposto no artigo 156 dos estatutos da Universidade de Santiago -mentres non se efectúe o desenvolvemento do artigo 82 da Lei orgánica de universidades- e nas presentes bases.
2. O Consello Social delega no Consello de Goberno a aprobación de suplementos de crédito e créditos extraordinarios cando estes correspondan a expedientes con financiamento específico achegado por outros entes públicos ou privados. O rector dará conta ó Consello Social dos expedientes aprobados.
3. O rector poderá autoriza-las transferencias de crédito entre os capítulos de gastos correntes e de gastos correntes a gastos de capital, sempre e cando:
 - O gasto corrente figure presupostado no capítulo II, III ou IV.
 - O importe da transferencia non exceda de 30.000,00 €

4. Poderán xerar crédito nos estados de gastos do presuposto da Universidade, os ingresos liquidados que superen a previsión de ingresos presupostada, derivados das seguintes operacións:

- Prestacións de servizos.
- Achegas de persoas naturais ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da universidade.
- Corresponde ó rector a aprobación dos expedientes de xeración de crédito.

Artigo 5º

5. O rector poderá determinar, a iniciativa do director do centro de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores, como consecuencia de compromisos adquiridos, de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

6. A facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos para xustificar correspondentes a exercicios anteriores, así como as indemnizacións por razón do servizo pendentes ó cerre do exercicio, imputaranse ó exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior ó non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

Artigo 6º

1. Son remanentes específicos os créditos non obrigados a 31 de decembro correspondentes a infraestrutura, proxectos e convenios de investigación, prácticas de campo, cursos, e en xeral os créditos financiados con achegas específicas.

2. Só poderán ser obxecto de incorporación ó exercicio seguinte os créditos do capítulo IV financiados con achegas específicas.

3. A incorporación destes créditos deberá autorizala o rector, que dará conta ó Consello de Goberno e mailo Consello Social dos expedientes aprobados.

4. O financiamento de créditos no estado de gastos con cargo ó remanente xenérico de tesourería será aprobado polo Consello de Goberno.

5. A incorporación de remanentes de crédito correspondentes a departamentos e outras operacións de capital será autorizada polo rector en función das disponibilidades financeiras existentes despois de realizada a liquidación do exercicio.

DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 7º

1. Serán de aplicación para o exercicio 2003 a Lei de contratos das administracións públicas e as disposicións que a desenvolvan e o Regulamento de contratación da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo Consello de Goberno e o Consello Social.

2. Procederá poñer en coñecemento do Servicio de Xestión Económica todos aqueles gastos para os que, con independencia da súa contía, se considere procedente a sinatura de contrato.
3. Constitúese un fondo de dotación artística mediante redistribución dos créditos para obras do presuposto da universidade polo importe do 1% do custo de execución material dos proxectos de obras.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Autorízase ó xerente da Universidade a que dicte as instrucións necesarias para a adaptación e desenvolvemento das normas de execución do presuposto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Autorízase ó vicerrector de Economía e Financiamento para que, mentres non se formalice definitivamente a operación de préstamo incluída nos orzamentos, habilite temporalmente os procedementos presupostarios que permitan afrontar os gastos de investimento urxentes e ineludibles contra outras partidas de ingresos, procedendo con posterioridade á súa regularización, dando conta de todo iso ó Consello de Goberno e ó Consello Social.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes normas entrarán en vigor ó día seguinte da aprobación definitiva do presuposto polo Consello Social, sen prexuízo de que a súa executividade se entenda a partir do 1 de xaneiro de 2003.

3. ANEXOS

- 1. CLASIFICACIÓN ECONÓMICA**
- 2. GASTOS DE PERSOAL**
- 3. DESGLOSE DO PRESUPOSTO DE
GASTOS POR PARTIDAS
PRESUPOSTARIAS**
- 4. REPARTO DE CRÉDITO ÓS
CENTROS DOCENTES**

3.1. Clasificación Económica

INGRESOS UNIVERSIDADE EXERCICIO 2003

CAPÍTULO III: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

31. PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS		24.205.860,00
310.- Prezos públicos de matrícula	21.745.570,00	
311.- Matrícula cuarto ciclo	12.370,00	
312.- Cursos de Posgrao	2.404.050,00	
319.- Expedición títulos propios	43.870,00	
32. PRESTACIÓN DE SERVICIOS		12.941.890,00
320.- Cotas oposicións e concursos	18.420,00	
322.- Dereitos aloxamento Sistema Universitario de Residencias	1.717.320,00	
323.- Servicios prestados por Investigación	11.000.000,00	
329.- Outros servicios prestados	206.150,00	
Escola Infantil Breogán	95.350,00	
Instalacións deportivas	110.800,00	
33. VENDA DE BENS		364.130,00
330.- Venda de Publicacións propias	64.130,00	
333.- Vendas enerxía eléctrica	300.000,00	
38. REINTEGROS		238.620,00
381.- Do presuposto corrente	238.620,00	
Anuncios contratación administrativa	35.000,00	
Compensación consumos subministros concesionarios	203.620,00	
TOTAL CAPÍTULO III.		37.750.500,00

CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES

45.DA COMUNIDADE AUTÓNOMA		105.491.080,00
451.- Da Xunta de Galicia:	105.491.080,00	
Consellería de Educación: financiamento xenérico	96.117.560,00	
Consellería de Educación: complemento mérito investigador	2.839.210,00	
Consellería de Educación: programa equilibrio orzamentario	655.100,00	
Consellería de Educación: acordo compensación extras	599.880,00	
Servicio Galego de Saúde: complemento asistencial	3.629.330,00	

Xunta de Galicia. Programas alternativos de ingresos	1.650.000,00		
47.- DE EMPRESAS PRIVADAS			1.144.920,00
470.- De empresas privadas		1.144.920,00	
Banco Santander Central-Hispano	1.021.720,00		
Banco Pastor	120.200,00		
Outras	3.000,00		
48.- DE INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO			300.510,00
480.- De Fundacións		300.510,00	
Fundación Caixa Galicia	300.510,00		
<u>TOTAL CAPÍTULO IV.</u>			106.936.510,00
<u>CAPÍTULO V: INGRESOS PATRIMONIAIS</u>			
52. XUROS DE DEPÓSITOS.			200.000,00
520.- Xuros de contas bancarias.		200.000,00	
Xuros de contas bancarias	200.000,00		
55. PRODUCTOS DE CONCESIÓNS			252.520,00
550.- Productos de concesións administrativas		252.520,00	
Productos de concesións administrativas	252.520,00		
<u>TOTAL CAPÍTULO V.</u>			452.520,00
<u>CAPÍTULO VI: ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS</u>			
60. DE TERREOS			6.310.630,00
600.- Venda de predios	6.310.630,00		
<u>TOTAL CAPÍTULO VI</u>			6.310.630,00
<u>CAPÍTULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</u>			
70. DO ESTADO			
701.- Doutros Departamentos Ministeriais			3.000.000,00
Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía			
Recursos de investigación	3.000.000,00		
71. DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS			1.609.650,00
710. De Organismos Autónomos Administrativos		1.609.650,00	
Instituto Galego de Promoción Económica	1.609.650,00		

75. DA COMUNIDADE AUTÓNOMA		12.136.490,00
750.- Da Comunidade Autónoma		12.136.490,00
Recursos Investigación	6.500.000,00	
Convenios construción e equipamentos	3.065.170,00	
Reparación, Ampliación e Mellora (R.A.M.)	1.971.320,00	
Consellería de Innovación, Industria e Comercio	600.000,00	
76. DE CORPORACIÓNS LOCAIS		751.270,00
760.- De Deputacións		751.270,00
Deputación provincial da Coruña	751.270,00	
79. DO EXTERIOR		2.753.480,00
790.- Da Unión Europea		2.753.480,00
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional	2.753.480,00	
<u>TOTAL CAPÍTULO VII</u>		20.250.890,00
91. PRÉSTAMOS RECIBIDOS		11.192.790,00
911.- De entes do sector Público		1.692.790,00
Anticipos reembolsables do MCT	1.692.790,00	
913 De fóra do sector Público		9.500.000,00
Préstamo Bancario	9.500.000,00	
<u>TOTAL CAPÍTULO IX</u>		11.192.790,00
TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS		182.893.840,00

**GASTOS UNIVERSIDADE
EXERCICIO 2003**

CAPITULO I: GASTOS DE PERSOAL

11. EVENTUAIS		113.900,00
110.- Retribucións básicas e outras remuneracións	113.900,00	
12. FUNCIONARIOS		72.683.720,00
120.- Retribucións básicas	31.305.660,00	
121.- Retribucións complementarias	40.678.060,00	
122.- Ampliación e mellora	700.000,00	
13. LABORAIS		14.073.532,00
130.- Laboral fixo	11.801.470,00	
131.- Laboral eventual	2.272.062,00	
14. CONTRATADO ADMINISTRATIVO		9.097.540,00
141.- Persoal contratado administrativo docente	9.097.540,00	
15. INCENTIVOS Ó RENDEMENTO		30.060,00
150.- Productividade e gratificacións	30.060,00	
16. COTAS, PRESTACIÓNS E GASTOS SOCIAIS POR CONTA DO EMPREGADOR		11.202.918,00
160.- Cotas sociais	10.626.808,00	
162.- Gastos Sociais	413.830,00	
163.- Cursos formación PAS	162.280,00	
<u>TOTAL CAPÍTULO I.</u>		107.201.670,00

CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS

20. ARRENDAMENTOS		14.810,00
204.- Arrendamento de terreos	14.810,00	
21. REPARACIÓN E CONSERVACIÓN		2.843.890,00
212.- Edificios e outras construcións	966.040,00	
213.- Maquinaria, instalacións e ferramenta	651.500,00	
214.- Material de transporte	15.000,00	
215.- Mobiliario e equipamento	1.211.350,00	
22.MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS E OUTROS		19.268.000,00
220.- Material de oficina	2.197.840,00	
221.- Subministracións	4.065.080,00	
222.- Comunicacóns	964.890,000	
223.- Transportes	148.010,00	
224.- Primas de seguros	215.600,00	

225.- Tributos	60.250,00	
226.- Gastos diversos	1.269.170,00	
227.- Traballos realizados por outras empresas	6.286.130,00	
228.- Cursos e Conferencias	3.297.630,00	
229.- Extensión Universitaria	763.400,00	
23. INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVICIO		723.310,00
230.- Axudas de custo e locomoción	363.520,00	
233.- Outras indemnizacións	359.790,00	
<u>TOTAL CAPÍTULO II</u>		22.850.010,00
<u>CAPÍTULO III: GASTOS FINANCEIROS</u>		
31. XUROS E GASTOS DE PRÉSTAMOS		
310.- Xuros de préstamos		440.690,00
<u>TOTAL CAPÍTULO III</u>		440.690,00
<u>CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES</u>		
48. A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO		
481.- Bolsas formación e promoción investigadores	383.520,00	
482.- Bolsas estudantes e extensión universitaria	791.180,00	
483.- Subvencións nominativas	401.380,00	
484 -.Outras bolsas	1.243.660,00	
49. O EXTERIOR		
490.- Transferencias exterior	482.070,00	482.070,00
<u>TOTAL CAPÍTULO IV.</u>		3.301.810,00
<u>CAPÍTULO VI: INVESTIMENTOS REAIS</u>		
62. INVESTIMENTOS NOVOS		
620.- Edificios e outras construcións	18.388.690,00	28.071.400,00
621.- Edificios. Proxectos obras	150.000,00	
622.- Edificios. Infraestructuras seguridade	250.000,00	
623.- Infraestructura de Investigación	4.293.790,00	
624.- Maquinaria, instalacións e útiles	472.420,00	
626.- Mobiliario e equipamento	2.324.000,00	
